

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "A CALIDADE DO MEDIO MARIÑO LITORAL E O SEU EFECTO SOBRE O MARISQUEO. CALIMAR"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o convenio de colaboración para a realización do proxecto "A Calidade do Medio Mariño Litoral e o seu efecto sobre o marisqueo. CALIMAR", por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, 7 de outubro de 2024, ata o 30 de setembro de 2026.

Que debido a un erro na tipificación de gastos no orzamento inicial nas anualidades 2025 e 2026, esta Dirección Xeral formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela unha addenda ao convenio de colaboración arriba referido.

A addenda ten por obxecto recoller a modificación da cláusula quinta do convenio, concretamente a distribución entre os conceptos material funxible e servizos externos das anualidades 2025 e 2026, sen afectar á totalidade do orzamento inicialmente previsto.

Que a addenda ao convenio de colaboración asinado se fundamenta no seguinte:

- Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia.
- O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: "Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños". Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a "fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos", desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se



atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

- Os proxectos aprobados pola citada Rede financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
- Na xuntanza ordinaria da Rede celebrada o 30 de xullo de 2024, esta valorou positivamente a realización dun convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade de Santiago de Compostela para descubrir se a contaminación química e/ou microbiana pode estar implicada na caída da produción de moluscos bivalvos no litoral considerando a realización da proposta presentada, aliñada coa finalidade da Rede, de interese para os seus participantes e para o sector pesqueiro en particular, así coma para o ben común e interese xeral.
- A Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan descubrir se a contaminación química e/ou microbiana pode estar implicada na caída da produción de moluscos bivalvos no litoral. A información derivada deste proxecto proporcionará unha avaliación do estado actual e evolución dos recursos e actividade pesqueira que proporcionará á Consellería do Mar e resto de integrantes da Rede o coñecemento necesario para mellorar a súa xestión e asegurar a sustentabilidade da pesca artesanal en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.



Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

